



DON ANTONIO SÁNCHEZ MAGARIÑOS, en calidade de Secretario do Ilustre Colexio Provincial da Avogacía de Lugo,

CERTIFICO

Que, segundo resulta dos antecedentes obrantes na Secretaría ao meu cargo, na Xunta de Goberno, celebrada o pasado día 21 de setembro de 2026, adoptouse o acordo co seguinte tenor literal:

*"Acórdase convocar a celebración das eleccións para a provisión dos cargos vacantes de Deputado/a Terceiro/a e Tesoureiro/a, **o vindeiro día 30 de novembro do 2026**, conforme á convocatoria que se achega á presente acta.*

*Igualmente, comprobado o censo colexial, conforme listaxes unidas á convocatoria, acordouse **designar á Mesa Electoral**, que estaría formada polo avogado/a residente de maior antigüidade no exercicio profesional, D. José Luis Manuel Fernández Pedreira; tras declinar o ofrecemento o seu antecesor por causa xustificada; o avogado/a residente de menor antigüidade no exercicio profesional, D. Ignacio Meizoso Gabeiras, tras declinar o ofrecemento o seu antecesor por causa xustificada, que actuará de Secretario; 2 membros da actual Xunta de Goberno cuxos cargos non son obxecto de renovación nesta convocatoria electoral: D^a Begoña Santos Fernández e D. Francisco López-Quiroga Núñez; e por un anterior membro que pertencese á Xunta de Goberno: D^a. Milagros Margarita Muñoz Meilán e iso en cumprimento e de conformidade co establecido no artigo 78.3 dos Estatutos Colexiais".*

E, para que así conste, expido e asino a presente, en Lugo a 29 de setembro de 2026.

O SECRETARIO